unidade didáctica

“Imaxina e Comparte máis”

UNHA APOSTA POLA IGUALDADE

Fondo Social Europeo

eQual

MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

+as
conta CONeLAS
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Edita
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Proxecto Equal Conta con Elas - A.D. Área Metropolitana de Vigo

Dirección do Proxecto
Ana García Barrio
Directora do Proxecto Conta con Elas.

Coordinadora da publicación
Gloria Pérez Durán
Coordinadora da área de *Atención a persoas e Sensibilización socieducativa* do Proxecto Conta con Elas.

Realización e adaptación de contidos
LILITH. Acción Social e Educativa, S.L.

Deseño e maquetación
magenta

Imprime
diumaró

Depósito legal
VG

p r ó l o g o

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo xestiona dende marzo de 2005 o proxecto Equal "Conta con Elas", que está cofinanciado polo Fondo Social Europeo. O seu obxectivo principal é a sensibilización social, institucional e empresarial cara á procura da diminución da segregación laboral, horizontal e vertical no emprego, co fin de facilitar a inserción e a promoción profesional das mulleres en sectores de actividade tradicionalmente masculinizados.

Ao meu entender, un dos valores fundamentais deste proxecto está no seu cerne: o feito de que as entidades promotoras sexan, non só as entidades locais, a través da Mancomunidade e a Deputación, senón tamén os tres sindicatos maioritarios na Área Intermunicipal (UGT, CCOO e CIG), a Confederación de Empresarios de Pontevedra, a Universidade de Vigo e a Fundación Caixanova. Todas estas entidades conforman a Agrupación de Desenvolvemento "Área Metropolitana de Vigo", que supón a confirmación de que unha estreita colaboración entre os actores políticos, sociais e empresariais, é fundamental para asegurar o éxito das políticas de emprego, de igualdade e de tódalas políticas sociais en xeral.

Neste senso, Vigo e a súa Área Intermunicipal teñen un longo camiño percorrido, e Conta con Elas é unha boa mostra diso. Un dos moitos froitos deste proxecto é esta publicación que teño a satisfacción de presentar.

A participación das administracións nas tarefas de sensibilización e na posta en marcha de políticas de igualdade é fundamental. Así, Conta con Elas tivo como unha das liñas de actuación a sensibilización no ámbito educativo coa finalidade de que toda a comunidade escolar e educativa asumira a necesidade de incorporar o principio de igualdade de oportunidades, e provocar así un proceso de reflexión sobre os prexuízos e estereotipos de xénero existentes entre a poboación máis nova. Estas accións contribúen a unha maior diversificación da formación e das ocupacións da xuventude, acadando nun futuro próximo unha maior presenza igualitaria de ambos sexos en todas as ramas profesionais.

Todo isto, e moito máis, quedou plasmado nesta publicación, que forma parte dun nutrido conxunto de edicións, coa intención de dar a coñecer á sociedade e ás administracións os resultados destes anos de intenso traballo en prol da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Abel Caballero Álvarez
Presidente da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

índice

1contextualización p. 07

2introducción p. 09

3descrición p. 11

4obxectivos p. 13

5contidos p. 15

6metodoloxía p. 17

7temporalización p. 19

8persoas destinatarias p. 21

9marco teórico

A. A. O SISTEMA SEXO-XÉNERO p. 23

B. A DIFERENTE ATRIBUCIÓN DOS ESPAZOS E OS TEMPOS DAS MULLERES E HOMES COMO XERADORA DE DESIGUALDADES p. 26

C. O ACCESO DAS MULLERES AO ÁMBITO PÚBLICO: O MERCADO DE TRABALLO p. 30

D. A DIVERSIFICACIÓN PROFESIONAL p. 33

E. AS BARREIRAS INTERNAS p. 33

F. A DOBRE XORNADA LABORAL p. 34

G. O CAMBIO DE ROLES NO ÁMBITO PRIVADO: A CORRESPONSABILIDADE p. 36

H. A CONCILIACIÓN p. 38

I. A LEXISLACIÓN p. 39

10dinámicas p. 43

dinámica1: corresponsabilízate! p. 44

dinámica2:re-okupando os pespazos de xénero p. 46

dinámica3: identificacións p. 48

dinámica4: videoforum Quero ser como Beckam p. 50

dinámica5: novas opcións laborais p. 52

dinámica6: que digo cando digo... p. 54

dinámica7: a importancia dos traballos das mulleres p. 56

dinámica8: Xogo de rol corresponsable p. 58

11avaliacións p. 61

12glosario p. 65

13bibliografía p. 69

1

contextualización

A unidade didáctica que tes nas túas mans forma parte do proxecto Conta Con Elas que se desenvolve, na área metropolitana de Vigo, entre os anos 2005 e 2007. O seu principal obxectivo é diminuír a segregación laboral (horizontal e vertical) mediante unha intensa tarefa de sensibilización levada a cabo en tres niveis: socio-educativo, institucional e empresarial-laboral, así como a promoción profesional das mulleres en sectores e ocupacións masculinizadas.

Ademais doutras moitas áreas de traballo, é primordial tratar o tema das desigualdades de xénero no mercado laboral dentro do ámbito educativo, concretamente nas aulas dos centros de ensino. É por isto que se levaron a cabo varias propostas: actividades de sensibilización, obradoiros de formación e unha exposición Imaxina e Comparte Máis dirixida ao alumnado de diferentes centros e tamén ao público en xeral.

Esta unidade didáctica é o froito desa exposición que percorreu os doce concellos da Mancomunidade de Vigo coa intención de difundir, no máximo número de centros e entidades, a información relativa ao acceso e permanencia no mundo laboral, a escolla profesional, a conciliación e a corresponsabilidade desde a perspectiva de xénero. A propia exposición convértese agora nun valioso recurso educativo, útil para complementar esta unidade didáctica, ben como apoio aos contidos traballados na aula ou ben como espazo de realización de dinámicas.

Antes de seguir lendo facémosche a seguinte proposta: realiza a avaliación número 1 dirixida ao profesorado como xeito de toma de contacto coa unidade didáctica. Unha vez realizada, animámoste a seguir lendo e a poñer en práctica a unidade didáctica na aula co alumnado. Esperamos que vos guste!

2

introducción

Aínda que, hoxe en día, na nosa sociedade xa é indubidable a igualdade xurídica entre homes e mulleres, aínda que o mercado laboral integrou o traballo delas no seus niveis baixos e intermedios, a discriminación por razón de xénero continúa a ser unha realidade vixente. Mulleres e homes continuamos inmersos nunha sociedade patriarcal onde existen marcadas relacións asimétricas entre sexos que impiden, en igualdade de condicións (oportunidades), o acceso a dereitos fundamentais como a educación, a saúde, o poder e, por suposto, o traballo. Ao longo do noso proceso de socialización, a discriminación de xénero limita as nosas potencialidades como persoas xa que proxecta en nós o que o noso sistema social e cultural espera, mandándonos mensaxes e creando expectativas. Estas expectativas vinculan a muller co ámbito doméstico e co coidado e o home co ámbito público.

Todos estes factores inflúen á hora da elección profesional tal é como o amosan as enquisas, que nos lembran que un 85% das mulleres asalariadas dedícanse ao sector servizos, onde, a súa vez, a maioría delas ocupan as categorías laborais máis baixas e peor retribuídas.

O traballo coeducativo parte da necesidade de superar os estereotipos masculinos e femininos na escola. Implica enfrontar a educación desde un punto de vista afectivo-cognitivo e actitudinal e tomar como centro a persoa, á marxe do xénero que se lle asigne socialmente.

Hoxe sabemos que os estudos, ao igual que as propostas e orientacións que xurdan deles, deberán tratar de ofrecer solucións á realidade das mulleres. Desde a nosa perspectiva, o problema pasa por entender mellor a índole dos problemas relativos ao xénero que están obstaculizando o progreso (ou a superación das situacións de exclusión) das mulleres. Por iso, consideramos importante levar a cabo, no ámbito educativo, accións destinadas à consecución da igualdade de oportunidades entre mozas e mozos. Dentro deste marco, pretendemos traballar ao redor da diversificación profesional, tentando acadar unhas profesións menos nesgadas polos estereotipos de xénero, para

que as rapazas e os rapaces teñan a posibilidade de soñar con ser o que queiran sen sentirse condicionadas e condicionados, á vez que se propoñen mecanismos de análise, aprendizaxe e reflexión.

Desta maneira, entendemos que a mellora da situación das mulleres significa a mellora no benestar da sociedade en xeral, xa que esta será imposible sen a participación da metade da humanidade que elas representan.

3

descrición

Esta unidade didáctica realízase sobre a base da exposición *Imaxina e comparte máis*.

A exposición pode ser utilizada como complemento da unidade didáctica aínda que tamén poden usarse os dous recursos por separado. A exposición consta de doce paneis e 12 cubos incluídos nun CD en que se trata o acceso das mulleres ao mundo laboral, a división sexual do traballo e onde se fai especial fincapé nos temas da conciliación e da corresponsabilidade.

A exposición estrutúrase en catro bloques de tres paneis cada un onde se explican os seguintes contidos:

- O xénero. A construción dos estereotipos e roles de xénero.
- A diferente asignación histórica dos espazos e tempos para homes e mulleres como fonte de desigualdades.
- A división sexual do traballo.
- A conciliación e a corresponsabilidade.

Estes catro grandes bloques están interconectados entre si e desenvolven diferentes aspectos e situacións que producen desigualdades nas mulleres.

Como o recurso, ao redor do que se traballa nesta unidade didáctica, é a exposición, consideramos oportuno que dita unidade siga a mesma estrutura.

Por este motivo, os temas da parte teórica da unidade didáctica son os que aparecen recollidos na exposición. As actividades da unidade didáctica están estruturadas conforme aos mesmos catro bloques da exposición.

Isto permite traballar as actividades de forma continua ou por bloques independentes, en función do tempo do que dispoña o profesorado para a realización da unidade didáctica.

4

obxectivos

conceptuais

\ Intervir no ámbito escolar desde a perspectiva de xénero e a coeducación.

\ Descubrir as causas e as formas de aprendizaxe dos roles de xénero.

\ Reflexionar sobre os modelos e valores que se asocian á masculinidade e á feminidade.

\ Comprender as causas da división sexual do traballo.

\ Analizar as causas principais das desigualdades entre homes e mulleres no ámbito laboral.

\ Observar a situación das mulleres no ámbito laboral.

\ Coñecer as principais medidas de conciliación no ámbito laboral.

\ Elixir as novas profesións dun xeito máis libre.

procedimentais

\ Debater sobre a desigualdade entre mulleres e homes, centrándose no ámbito laboral especificamente.

\ Aplicar os datos teóricos nunha análise da experiencia cotiá.

actitudinais

\ Aprender formas de relación respectuosas e equitativas.

\ Asumir a corresponsabilidade no ámbito doméstico.

\ Valorar as persoas como seres completos e diversos.

\ Ampliar as nosas capacidades e ferramentas á hora de analizar a nosa realidade cotiá.

\ Experimentar a diversidade profesional como desenvolvemento de igualdade de oportunidades.

5

contidos

A construción social das categorías sexo e xénero.

Os estereotipos e os roles de xénero.

A socialización diferencial por sexos como forma de discriminación das mulleres.

A diferente distribución dos espazos e os tempos das mulleres e homes como xeradora de desigualdades.

\ O espazo privado e o espazo público.

\ A xornada produtiva e a xornada reprodutiva.

A división sexual do traballo.

\ As consecuencias para as mulleres á hora de incorporarse ao mercado laboral.

\ A situación actual das mulleres no mercado laboral.

- Como nos afecta actualmente a división sexual do traballo.
- Condicionantes á hora de elixir as nosas profesións:

Medidas para o cambio:

A corresponsabilidade

A conciliación

Actuais leis de igualdade de xénero. Principias repercusións no ámbito laboral

6

metodoloxía

A metodoloxía que guía todo o proceso ten un carácter claramente participativo e parte da concepción da investigación-acción. Trátase dun proceso en que as persoas integrantes no programa educativo sexan as protagonistas e os protagonistas do seu propio proceso de formación. A participación posibilita as persoas para producir coñecementos colectivamente e apropiarse deles, para comprender a realidade en que viven. Este proceso parte das vivencias e observacións persoais e grupais e a partir delas compártese, analízase, cuestiónase, teorízase e búscanse solucións.

Pártese dos coñecementos, vivencias e actitudes previas así como do momento bio-psico-social das participantes, vaise procurar unha aprendizaxe significativa e construtiva baseada nos seus intereses, necesidades e capacidades.

As técnicas propostas propician a reflexión persoal e colectiva, o desenvolvemento do espírito crítico e incitan á investigación, ao diálogo e á comunicación, así como ao manexo de diversas fontes e recursos.

7

temporalización

A unidade didáctica está deseñada para ser realizada entre un mínimo de seis horas e un máximo de doce.

8

persoas destinatarias

Esta unidade didáctica está dirixida tanto ao alumnado do segundo ciclo da ESO e bacharelato como a grupos de xente nova en actividades de tempo libre ou extraescolares.

9

marco teórico

A. O SISTEMA SEXO-XÉNERO

Para comezar esta unidade didáctica é importante aclarar dous termos, aos que nos referiremos constantemente ao longo de todo o seu desenvolvemento, que constitúen o sustento teórico de moitas das prácticas que analizan, estudan e actúan no ámbito das desigualdades entre os homes e as mulleres. Son os termos *sexo* e *xénero*.

Sexo. Cando falamos de sexo referímonos as características biolóxicas das persoas.

Xénero. Cando falamos de xénero referímonos ao conxunto de atribucións sociais e culturais que se outorgan a cada persoa segundo o seu sexo e que lle asignan valores e tarefas diferenciadas.

Estas características varían no tempo e tamén nas diferentes culturas.

O sexo e mais o xénero funcionan como un sistema de relacións onde é importante facer notar que, sobre unhas características biolóxicas diferenciadas, que hoxe en día tamén son cuestionadas, existe unha asignación de atribucións culturais que se naturalizaron, o que provoca que as persoas as interioricen e as asuman como propias a través do proceso de socialización.

Neste proceso de socialización, mándanse mensaxes, transmítense valores, roles e actitudes diferenciadas para as mulleres e para os homes; prodúcense fundamentalmente no ámbito familiar, escolar, dos medios de comunicación e nas prácticas de relación da sociedade en xeral, o que ten como consecuencia un desenvolvemento parcial tanto para as mulleres como para os homes.

Así, o conxunto de características, expectativas e oportunidades que cada cultura asigna as persoas, en función do seu sexo, é unha construción social e polo tanto continxente, non natural.

Ademais, o sistema de xénero funciona como un sistema que contrapón o masculino ao feminino ou o home a muller, baixo o poder outorgado aos homes ou o masculino e a desvalorización das mulleres e do feminino.

Este sistema de relacións está baseado na inequidade das propias relacións entre os homes e as mulleres, inequidade que tan só desaparecerá cando o sistema de xénero deixe de funcionar.

Para superar este sistema é importante decatarse da súa inequidade e valorar as mulleres como motores de cambio cara a unha estrutura social e de relacións humanas igualitarias, como parte dunha cidadanía sustentadora dos mesmos dereitos e oportunidades.

Estereotipos de xénero

É o conxunto de características que se lles atribúen ás persoas dependendo da súa pertenza a un sexo ou outro.

Os estereotipos de xénero implican unha xeneralización que nega a individualidade da persoa, creando así unha categoría de atribucións para o feminino e outra para o masculino.

Baixo esta norma dánse unha serie de presupostos tales como: “Os homes son máis racionais e as mulleres máis emotivas”.

Con este exemplo tamén podemos observar que funcionan como categorías polarizadas,

complementarias e excluíntes (activo-pasiva), ademais de forxar un coñecemento da realidade moi parcial e que limita tanto as mulleres como os homes.

Roles de xénero

Son os papeis sociais que se lle asignan a cada sexo e que se sustentan na base dos estereotipos de xénero.

Os roles que tradicionalmente se lles asignan ás mulleres están relacionados con:

- O coidado e crianza dos fillos e da familia
- Xestión do fogar

En resumo, ser eficaces no ámbito privado ou familiar.

O rol das mulleres relaciónase co ámbito afectivo e das relacións e, hoxe en día, continúa a ser un rol infravalorado e invisibilizado.

Os roles que se lles asignan aos homes están relacionados con:

- O mantemento e a manutención da familia economicamente
- A competencia e eficacia no ámbito público

Este rol o que proporciona é prestixio e independencia e está valorado socialmente.

Estes roles diferenciados, como vemos, están xerarquizados xa que existe unha supremacía do rol masculino sobre o rol feminino.

Para o estudo tanto dos estereotipos e roles como das relacións de xénero, aplícase unha análise ou perspectiva de xénero que se cuestiona as relacións de poder desiguais que se dan entre mulleres e homes nos grupos sociais en que vivimos.

B. A DIFERENTE ATRIBUCIÓN DOS ESPAZOS E OS TEMPOS DAS MULLERES E HOMES COMO XERADORA DE DESIGUALDADES

As relacións sociais de xénero determinaron, e continúan a determinar, a forma de repartir os espazos, os traballos que neles se desenvolven, os tempos dedicados e as súas valoracións sociais.

Foi co capitalismo inicial onde a división entre espazo público e privado (ou doméstico) se fixo máis intensa, asignando o primeiro aos homes e o segundo ás mulleres. Asemade, en cada espazo se realizarían unhas tarefas determinadas que precisarían duns tempos diferentes para o seu desenvolvemento.

Desta maneira, produciuse unha segregación por sexos do espazo físico que implicaría valoracións desiguais a nivel social.

B.1. O espazo doméstico ou a privación das mulleres

O traballo realizado no ámbito doméstico (xestión, organización, coidado tanto físico como afectivo das persoas que forman a familia, limpeza, educación, mediación nos conflitos) tamén se coñece co nome de traballo reprodutivo porque a súa finalidade é a de manter a reprodución dos membros da familia a través da súa correcta alimentación, bo estado de saúde física e emocional, ademais de traballar para ter unhas relacións familiares e sociais boas, creando así un ambiente axeitado e positivo.

Salientar, tamén, que o traballo reprodutivo supuxo para as mulleres unha privación[1] para experimentar a súa propia individualidade, pois é un traballo que está suxeito aos ritmos e necesidades das persoas que forman a familia, quedando as necesidades das mulleres relegadas a un segundo plano.

[1]Clara Coria. *Las negociaciones nuestras de cada día.* Ed.Paidos. Madrid 1998

O tempo no espazo doméstico

O tempo para realizar as tarefas no ámbito doméstico non ten un principio nin unha fin marcadas ao longo do día, non atende a días de descanso, fin de semana, nin vacacións. O que significa que require unha atención continua.

Por este motivo, chámaselle, a nivel de categoría conceptual, *tempo circular* ou *cíclico*, xa que se desprega e se desenvolve constantemente sobre si mesmo e normalmente remata cando remata o día.

Dentro do ámbito doméstico, as mulleres teñen sempre o seu tempo hipotecado xa que é un tempo dedicado ás demais persoas da casa. O tempo que teñen para si mesmas vén do oco que lles queda das obrigas familiares. Isto provoca moitas veces que as mulleres se esquezan de si mesmas, das súas necesidades, prioridades ou desexos.

Á súa vez, esta situación leva a que as mulleres, que se centran en si mesmas ou se dan prioridade, teñan sentimentos de culpabilidade ou sexan tachadas polo resto das persoas como egoístas, malas nais, etc.

Finalmente, podería dicirse que o tempo que as mulleres dedican ás súas familias é o que determina o resto do tempo que teñen para si mesmas (ocio, necesidades, desexos, profesión etc.)

Consideracións e valoracións ao redor do espazo doméstico

O traballo dentro deste ámbito sempre estivo invisibilizado e non recoñecido socialmente o que o levou á súa desvalorización, o que provoca que as mulleres tamén estean invisibilizadas.

Ademais é un traballo non remunerado, entre outras cousas porque non se consideraba traballo, o que produciu unha falta de autonomía nas mulleres.

Isto último é esencial para entender que o termo traballo se artellou como aquel que se desempeña na esfera pública como profesión, orientado cara a unha rendibilidade económica, ignorando que o traballo realizado no ámbito doméstico supón unha achega importante e imprescindible dentro das economías dos estados.

De feito, se se computara o traballo doméstico dentro do Produto Interior Bruto este duplicaríase, do mesmo xeito que se o Estado se fixera cargo das tarefas relacionadas co coidado, os orzamentos anuais para sanidade deberían triplicarse.

Como conclusión pode dicirse que esta situación xerou unha invisibilización e ocultación tanto das mulleres como do seu traballo.

B.2. O espazo público ou a esfera do poder

Enténdese por espazo público aquel que queda fóra do ámbito doméstico. Nel realízanse as actividades produtivas, por este motivo, o traballo realizado neste ámbito coñécese como *traballo produtivo* ou espazo onde se atopan os medios de produción.

Neste espazo o rol masculino tende a auto-manterse, ser eficaz, progresar, ademais de acadar o sustento familiar.

O tempo no espazo público

O tempo dentro deste ámbito ten un principio e unha fin determinadas que veñen marcadas pola duración da xornada laboral, 8 horas na maioría dos casos, polo que se coñece co nome de *tempo lineal*.

Así, os homes teñen dividido claramente o seu tempo de traballo e o seu tempo para o ocio ou goce persoal.

O ter un dominio sobre o seu tempo libre fai que poidan usalo para os seus propios fins.

De feito, as cesións que realizan os homes do seu tempo libre están, normalmente, dirixidas a prolongar a súa xornada laboral a cambio dun maior prestixio ou nómina, reducíndose estas cesións por motivos familiares como poden ser coidado dos fillos e fillas, das persoas dependentes, pasar maior tempo coa familia etc.

Invertendo á lóxica dos tempos das mulleres, os tempos que os homes empregan nos seus traballos é o que determina o tempo que dedican ás súas familias, o que non quere dicir que se impliquen nas tarefas domésticas.

Consideracións sociais ao redor do espazo público

É o ámbito do recoñecemento social, do prestixio, da competitividade, da influencia, en definitiva, do poder.

É o espazo do visible e do remunerado. O que levou a que os homes sexan independentes a nivel económico e social.

B.3. Os espazos e a desigualdade

Ambos espazos crean desigualdade, ou son desiguais, porque existe unha xerarquía que é a que subordina o traballo doméstico ao traballo produtivo, xerando diferenzas entre homes e mulleres en termos de acceso e distribución dos bens, dos servizos e do poder.

A asimetría que se xera desde estes dous espazos, nos seus usos e nas súas valoracións, é o que nos amosa claramente a desigualdade das mulleres con respecto aos homes.

Por todo isto, é importante superar esta distribución tradicional dos tempos e dos espazos e o que iso xera e leva consigo, como é a *división sexual do traballo*.

Tránsito do espazo público ao privado e do privado ao público

É importante destacar que os homes sempre ocuparon ambos espazos. Un como espazo de prestixio e outro de descanso.

Isto non foi así sempre para as mulleres xa que a súa incorporación ao ámbito público se produciu dun xeito esporádico e circunstancial ao longo da historia (como por exemplo nos períodos de guerras en determinados países).

Actualmente, pódese dicir que as mulleres están accedendo (aínda que en desigualdade de condicións) a todas as áreas do ámbito público (política, empresa, arte, participación social...) mais non acontece o percorrido inverso cos homes. A desvalorización do ámbito doméstico produce que a implicación dos homes sexa de maneira moi lenta e reducida.

Debido a esta situación, actualmente, a división dos espazos non é tan estrita como antes senón que se está a diluír.

Pero isto estáse a producir non sen tensións e dificultades a nivel social, porque que a barreira dos espazos se faga cada vez máis pequena e o seu tránsito máis bidireccional, non significa que o tránsito das mulleres ao ámbito público se faga en igualdade de condicións, nin que o rol que levan os homes no ámbito doméstico se modifique.

C. O ACCESO DAS MULLERES AO ÁMBITO PÚBLICO: O MERCADO DE TRABALLO

Como comentabamos anteriormente, a división de traballos segundo os sexos está en crise debido a incorporación das mulleres ao ámbito laboral. Mais esta incorporación non se realizou en igualdade de condicións, xa que habita o ámbito público *desde a norma e a obediencia*[2], o que xera situacións de discriminación no ámbito laboral.

É importante, ademais, decatarse de que o mercado laboral o que fai é aproveitar as desigualdades que existen a nivel social para conseguir o máximo beneficio económico, aínda que desperdiciando as achegas e potenciais dunha gran parte da poboación.

C.1. As mulleres e a segregación do mercado laboral

No mercado laboral existe unha forte segregación entre mulleres e homes. Esta segregación é de dous tipos: *vertical* e *horizontal*.

Segregación vertical

Fai referencia á incorporación das mulleres de abaixo a arriba da pirámide laboral, cunha mínima participación delas en postos importantes de decisión, poder ou responsabilidade, e unha maior presenza ou participación segundo se reduce a cualificación, a valoración, a capacidade de decisión e a retribución económica.

A segregación vertical implica peor retribución salarial, maior precariedade laboral, menores responsabilidades profesionais e en definitiva unha menor valoración a nivel profesional.

[2]Lagarde, Marcela. *Claves feministas para la autoestima de las mujeres*. Ed horas y horas. Madrid 2001.

A escasa presenza das mulleres en postos de responsabilidade tamén fai que se xere a seguinte dinámica:

"As mulleres contemporáneas encontran sempre un teito de cristal que funciona tan só para aquelas en carreira ascendente. As mulleres, que conseguen chegar ata esta posición xerárquica máis alta, teñen menos poder que os homes na mesma posición e deben enfrontarse constantemente a manobras para deslexitimalas tan só polo feito de ser mulleres"[3].

En resumo, as súas capacidades son continuamente cuestionadas, polo que se lles esixe máis que aos homes na mesma situación e están máis expostas a descualificación e a menor tolerancia que os homes polos erros cometidos.

O termo teito de cristal, que sería unha das causas da segregación vertical que sofren as mulleres, foi desenvolvido por Mabel Buril, fai referencia a todos aqueles obstáculos laborais aos que se enfrontan as mulleres á hora de ascender ou mellorar profesionalmente.

Segregación laboral horizontal

Denomina a concentración de mulleres en sectores laborais determinados.

A inserción laboral feminina prodúcese, maioritariamente, nas áreas que se relacionan co coidado, co sector servizos, grandes industrias manufactureiras, traballo doméstico e traballo para a comunidade como o voluntariado.

Todos eles coñécense xenericamente como empregos feminizados, categoría que implica así mesmo a súa baixa valoración social, peor retribución salarial e unha maior precariedade.

[3]Lagarde, Marcela. *Claves feministas para la autoestima de las mujeres.* Ed horas y horas. Madrid 2001.

É importante facer notar como a maioría dos sectores de emprego feminizados non deixan de ser unha prolongación das actividades realizadas polas mulleres no ámbito doméstico.

C.2. Discriminación

A partir de todo isto podemos concluír cos seguintes datos:

A taxa de desemprego nas mulleres é o dobre que nos homes, sendo os seus contratos máis precarios e tendo unha retribución económica do 30% por debaixo deles.

As súas condicións laborais son peores, presentan maior inestabilidade, sendo maioritariamente as mulleres as que teñen contratos a media xornada, pola necesidade de compaxinalo co coidado da familia.

Ademais posúen menos oportunidades de acceso ao emprego a partir dos 45 anos.

D. A DIVERSIFICACIÓN PROFESIONAL

No mundo laboral a diversificación profesional é unha clave básica para modificar estas ríxidas estruturas de xénero en prol dunha igualdade real de oportunidades entre as mulleres e os homes.

E. AS BARREIRAS INTERNAS

Veñen provocadas, en gran medida, pola falta de referentes e modelos femininos en moitos dos postos laborais.

Esta falta de referentes, sumado aos mandatos de xénero que se interiorizan a través da socialización, provoca nas mulleres unhas expectativas laborais máis limitadas que as dos homes.

Esas barreiras internas poden ser tanto mentais como emocionais e van estreitamente ligadas coas barreiras externas.

F. A DOBRE XORNADA LABORAL

As mulleres que teñen un traballo remunerado fóra da casa continúan a responsabilizarse maioritariamente do coidado da familia e do traballo doméstico, polo que a división sexual do traballo as leva ao que se coñece como unha *dobre xornada laboral.*

Aínda que como categoría de análise se lle coñeza co nome de *dobre xornada laboral*, o que realmente implica é que as mulleres, desde que se erguen pola mañá ata que se deitan pola noite, non deixan de traballar nun todo continuo que pode comprender 16 ou 18 horas diarias, que varían dependendo das cargas familiares que teñan.

Estas dobres xornadas teñen consecuencias importantes para as mulleres porque non se produce unha promoción laboral, ao non dispoñer de tempo para mellorar a súa formación e aumentar as súas responsabilidades, polo que a segregación vertical e horizontal, que sofren, continúa a retroalimentarse.

Así, moitas mulleres debido a esta sobrecarga deciden deixar de traballar, traballar a media xornada ou desempeñar traballos que requiran unha menor responsabilidade para poder compatibilizar os dous ámbitos.

Ademais, moitas veces o seu soldo é percibido como un complemento á economía familiar, o que implica tamén a infravaloración do traballo que desempeña no ámbito público e a falta de opcións para a escolla da súa carreira laboral.

Esta dobre xornada laboral tamén ten consecuencias na saúde das mulleres tanto físicas como psicolóxicas: estrés, cansazo crónico, esgotamento, baixa autoestima e mesmo depresión, por non poder

dispoñer de tempo para desenvolverse persoal ou laboralmente e por ter que deixar as súas necesidades ou desexos relegados a un segundo plano.

Isto incide ademais na taxa de crecemento da poboación porque as mulleres:

- Anulan ou atrasan a maternidade.
- Teñen un menor número de fillas e fillos.

G. O CAMBIO DE ROLES NO ÁMBITO PRIVADO: A CORRESPONSABILIDADE.

Unhas das formas principais para acadar unha maior equidade social é a corresponsabilidade.

Por corresponsabilidade enténdese repartir de forma equitativa as responsabilidades derivadas do ámbito doméstico entre as persoas que o habitan.



O que significa asumir e dividir as responsabilidades familiares que van desde a toma de decisións, á planificación e á execución das tarefas entre as persoas que pertencen a familia.

Como comentabamos en apartados anteriores, produto da división sexual do traballo ás mulleres tiveron que ocuparse do ámbito doméstico. Actualmente o que acontece é que moitas mulleres traballan fóra da casa pero continúan a ser as responsables absolutas de todas as tarefas domésticas.

Como eixe clave da corresponsabilidade é importante visibilizar e pór en valor o traballo doméstico como peza chave do benestar da familia, substituíndo a idea de obriga pola de implicación.

É preciso recoñecer o imprescindible que é o traballo doméstico, na medida en que sen el non poderiamos realizarnos como persoas, pois o espazo doméstico é onde descansamos, nos alimentamos, aseamos, pensamos, relaxamos, gozamos da compañía ou da nosa soidade, onde nos atopamos con nós mesmas, e onde nos coidamos e coidamos das demais persoas coas que vivimos.

En definitiva, cómpre positivar os valores e as habilidades que requiren o coidado do ambiente familiar e das persoas.

Todo isto redundaría na reformulación das relacións de xénero, pois incidiría nunha repartición máis equitativa dos tempos dos homes e das mulleres.

Esta partición equitativa dos tempos e responsabilidades traería unha maior igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes a nivel profesional, familiar e individual.

A corresponsabilidade non deixa de pasar por un proceso de reflexión onde a persoa, neste caso concreto o home, asuma as responsabilidades que lle corresponden coa finalidade dunha redistribución máis equitativa no ámbito familiar, onde todas as persoas que o compoñen dispoñan do seu tempo profesional, familiar e persoal.

Para as mulleres a corresponsabilidade no ámbito doméstico é necesaria para poder lograr a súa autonomía, os seus tempos persoais e sentir que se comparte un anaco importante da súa vida.

H. A CONCILIACIÓN

A conciliación da vida familiar, laboral e persoal, como levamos vendo ao longo desta unidade didáctica, non é un problema que atinxa tan só as mulleres, senón que **é una cuestión social de repartición xusta do traballo e redistribución económica, onde todas as persoas e institucións están implicadas.**

A conciliación é necesaria para atender as novas realidades sociais que foron xurdindo e para poder compatibilizar o traballo remunerado coas tarefas e responsabilidades domésticas e familiares, de xeito que as mulleres teñan máis presenza no ámbito laboral e máis tempo no persoal.

En definitiva, harmonizar os tempos persoais, laborais e familiares de homes e mulleres.

A conciliación por si mesma non remata coa discriminación, pero si que mellora a calidade de vida das mulleres e polo tanto a da sociedade.

A conciliación prodúcese a través de medidas laborais, sociais e políticas que se levan a cabo desde o goberno, as institucións, as sociedades civís, as empresas e a propia cidadanía.

Pero moitas veces as mulleres vense obrigadas a realizar as súas propias medidas de conciliación como poden ser :

- \ Recorrer as redes familiares.
- \ Contratar servizos domésticos (aquelas familias que poden economicamente).

I. A LEXISLACIÓN

Marco legal

As leis e as políticas de xénero son precisas para tentar modificar, dentro do seu ámbito de acción, a estrutura que sustenta e perpetúa as relacións de xénero.

A súa importancia radica en que senta principios, establece criterios e desenvolve mecanismos para que, no caso que nos ocupa, se avance cara a unha convivencia en condicións de igualdade entre mulleres e homes.

O feito da elaboración, aprobación e posta en práctica das leis de xénero, fai que, unha situación que ata o momento non se tivera en conta ou se invisibilizaba, acade un recoñecemento público e, non só iso, senón que tamén sexa considerado finalmente como un problema social.

As leis por si mesmas non deixan de ser un compromiso de resultados a pesar de que, moitas veces, a abordaxe dalgúns dos seus puntos sexa moi tenue e faga que se retarden os cambios estruturais profundos e necesarios para una igualdade real entre mulleres e homes.

Ademais, as leis de xénero promoven unha serie de medidas correctoras que, desde o momento en que se instauran, provocan a súa visibilización.

Perséguese conseguir novos paradigmas dentro do ámbito laboral que constrúan unhas novas relacións, que permitan diminuír as discriminacións existentes e construír unhas relacións máis equitativas.

Non hai que esquecer que o mercado laboral se aproveita das situacións desiguais que existen a nivel social para a súa maior rendibilidade económica.

As leis son un paso necesario, que non o único, para tentar transformar as relacións entre homes e mulleres equitativas.

Existe lexislación relativa á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en varias escalas: internacional, estatal, autonómica e mesmo municipal.

Por considerar máis achegado ao tema que nos ocupa salientamos as seguintes:

Ley 3/2007, de 22 de marzo, orgánica para la igualdad efectiva entre hombres y mujeres[4]

Lexisla melloras ao redor dos dereitos de conciliación da vida laboral e familiar e referidas a igualdade de oportunidades no emprego.

En materia de conciliación propón o seguinte:

\ Permiso de paternidade. Moi discutido porque, a pesar do consenso social sobre establecelo en 4 semanas, finalmente, ficou reducido a trece días. Inclúe que este permiso se irá prorrogando paulatinamente ata os 4 meses no ano 2012.

\ Melloras na prestación económica da maternidade.

\ Flexibilización e melloras relacionadas cos permisos de atención e coidado das persoas.

\ Ampliación do permiso de maternidade para os partos prematuros ou en caso do hospitalización do bebé.

En materia de emprego propón:

\ As empresas con máis de 250 empregados e empregadas teñen que elaborar un plan de igualdade.

\ Medidas para promover a paridade nas empresas, entre elas que nun prazo de 8 anos o 40% dos consellos de administración das grandes compañías estean formados por mulleres.

Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega de igualdade de oportunidades para homes e mulleres[5]

Con esta nova lei preténdese unha metodoloxía máis global no tratamento da igualdade de xénero. No ámbito laboral algunhas das medidas que se propoñen son:

\ Elaboración dun plan de emprego feminino.

\ Elaboración dun programa de apoio a empresas con planes de igualdade, en especial na negociación colectiva. Incidindo na poboación do medio rural.

\ Integración da perspectiva de xénero nas políticas preventivas de riscos laborais.

\ Fixa o permiso de paternidade en 14 días.

\ Flexibilización da xornada laboral por coidado de fillos menores de 12 anos ou persoas dependentes.

\ Crédito por lactancia que pode gozarse diariamente, co que estipula a lei, ou de xeito acumulativo.

Nesta lei faise unha forte aposta, de xeito transversal, pola corresponsabilidade e recoñece as dificultades que teñen actualmente as mulleres por conciliar a vida laboral, doméstica e persoal.

[4]Publicada no BOE n. 71 de 23/3/2007
[5]Publicado no DOG 3 Agosto 2004

Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia[6]

A *Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia* establece a transversalidade de xénero no exercicio das políticas de emprego e relacións laborais, creando unha unidade administrativa de igualdade dentro do departamento autonómico encargado da materia de traballo.

Así mesmo, esta lei regulará os plans de igualdade que se artellen nas empresas, concedéndolles as que os formulen e cumpran a *marca galega de excelencia en igualdade.*

Propón crear a *Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva* que será un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade, que terá competencias na redacción de cláusulas que promovan a igualdade.

Ademais na lei formúlanse outros aspectos como:

\ A igualdade na formación e nas políticas activas de emprego.

\ A creación de Bancos de Tempo.

\ A creación dun novo órgano que é o Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais.

[6]Publicado no DOG 13 Abril 2007

10

dinámicas

As dinámicas que se propoñen a continuación están pensadas para traballar os temas máis importantes que aparecen na exposición.

As dinámicas propostas presentan a seguinte estrutura: descrición, obxectivos específicos, duración, materias, desenvolvemento, orientacións para realizar as dinámicas e fichas para o alumnado e para o profesorado.

A orde coa que aparecen as dinámicas é a mesma que a orden que teñen os diferentes temas que aparecen na exposición, mais non é relevante á hora de levalas a cabo.

dinámica 1: corresponsabilízate!

Descrición

Nesta dinámica traballarase co alumnado os roles de xénero que aprendemos na nosa socialización e que se asumen como algo innato.

Obxectivos

\ Analizar os estereotipos de xénero.
\ Traballar os roles de xénero.
\ Reflexionar como interiorizamos os roles de xénero.
\ Proporcionar pautas de socialización libres dos mandatos de xénero.

Duración

60 minutos

Materiais

Cartolinas de cores, bolígrafos, rotuladores, fío, pegamento, folios de cores, grampadora, ficha 1

Desenvolvemento

1. Cada persoa elabora coas cartolinas e os papeis de cores o seu propio diario. Para isto, usará tantos folios de cores como persoas habiten na súa casa e asignará a cada unha delas unha cor. Deixaranse uns folios dunha cor distinta na última parte do diario para as reflexións finais.

2. En cada folio de cor escribirá as tarefas ou accións que realizan no fogar as persoas da súa casa, ao longo dun día, comezando o diario por ela ou el mesmo.

3. Nos folios finais do diario para a reflexión, o alumnado analizará as cuestións que se formulan na ficha 1.

4. En gran grupo o alumnado comentará as súas reflexións.

5. Unha persoa, ou o propio profesor ou profesora, tentará sacar as conclusións comúns das reflexións realizadas na aula.

6. Finalmente, realizarase entre todo o alumnado un decálogo de actuación no fogar, onde se determinen accións para un repartición máis equitativa das tarefas da casa

Orientacións para o profesorado

É importante facerlle notar ao alumnado que as actividades que se fan na casa implican desde as comidas, ás horas de durmir, o aseo, o ocio, ata o tempo para un mesmo e unha mesma etc.

Reflexionarase sobre como adquirimos estes roles a través da nosa socialización e como os interiorizamos, ata o punto que parece que é algo "natural" realizar moitas das tarefas que facemos por cuestión do noso xénero, sobre todo no ámbito do fogar.

É importante tentar promover no alumnado novas formas de socialización a través da análise das súas propias vivencias e das propostas de actuación para o cambio que formulen no decálogo.

dinámica 2: re-okupando os espazos de xénero

Descrición

A dinámica traballará co alumnado as diferenzas existentes entre as mulleres e os homes á hora de habitar ou ocupar os espazos e as desigualdades que a partir de aí se xeran.

Obxectivos

\ Analizar os espazos atribuídos en función de xénero.
\ Observar as desigualdades que implica a repartición de espazos en función do xénero.
\ Promover relacións equitativas.
\ Facer consciente o alumnado das limitacións que implica esta división dos espazos.
\ Re-ocupación dos espazos libres de condicionantes de xénero.
\ Analizar os espazos (e sobre todo o espazo social) como unha forma onde se xeran relacións de poder.

Materiais

Cartolinas, rotuladores e ficha 1

Duración

60 minutos

Desenvolvemento

1. Pediráselle ao alumnado que deseñe un plano do instituto con perspectiva aérea, onde debuxen cada planta do edificio e indiquen en cada debuxo os espazos máis importantes de cada unha delas. Neste plano do instituto tamén se terán en conta os patios e os arredores do centro.

2. Elixen tres cores:
Cunha cor marcan os espazos que máis utilizan a nivel persoal.
Con outra marcan os espazos que máis utilizan as rapazas.
Coa cor restante marcan os espazos que máis usan os rapaces.

3. Cubrir a ficha 1.

4. Poñer en común, analizar e sacar conclusións en grupo grande.

5. Como opción para continuar esta dinámica o profesorado pode invitar o alumnado a que realicen unha actividade de difusión das conclusións no centro.

Orientacións para o profesorado

Existen diferenzas na ocupación dos espazos por parte das alumnas e dos alumnos. Isto, prodúcese dun xeito inconsciente por parte das persoas pero reproduce fielmente o lugar que se lle atribúe a cada quen. Por exemplo, no patio as alumnas adoitan ocupar as marxes e as periferias, mentres que os rapaces tenden a ocupar o centro ou os espazos máis amplos. Correspóndese coas actividades que se realizan neles, pero, porque o fútbol ou o baloncesto teñen que ter un espazo privilexiado por riba do brilé, de pasear ou de correr?

Tamén se pode dicir que ambos sexos están por igual nunha aula, por exemplo a de informática, pero temos que formularnos que cando hai que compartir computador, quen se pon diante e quen ao lado? Ou o mesmo caso cando se está nun laboratorio, nunha aula de audiovisual etc.

Esta mesma dinámica pode ampliarse ao espazo doméstico ou a determinadas zonas do espazo público como, por exemplo, espazos que ocupan os homes ou as mulleres nunha discoteca, nun bar, no supermercado, no autobús, nos parques públicos ou nos centros de ocio.

Nesta dinámica é importante que o alumnado reflexione como, de maneira consciente ou inconsciente, continúa a existir unha división ou ocupación dos espazos segundo o sexo das persoas.

Os espazos que ocupan non teñen igual valor social, xa que as mulleres normalmente ocupan os espazos periféricos do ámbito público, ou habitan en espazos normalmente feminizados, como poden ser os supermercados (prolongacións do rol feminino) ou o autobús (relacionado coa falta de independencia económica das mulleres polo que carecen de coche propio, ou se hai un coche na familia normalmente o conduce o home).

Tamén é importante resaltar como aínda que as mulleres xa están presentes no ámbito público, cada vez con máis forza, este continúa a ser un ámbito hostil para moitas, como por exemplo de noite.

dinámica 3: identificacións

Descrición

Nesta dinámica trátase de que o alumnado se achegue a exposición desde un punto máis persoal que lle permita identificar situacións propias con algunha das que se reflicten na exposición.

Obxectivos

\ Analizar os procesos da realidade cotiá.
\ Responsabilizarse das accións persoais.
\ Cambiar aquelas situacións que provocan a desigualdade.
\ Aprender a coñecerse e a valorarse.
\ Mover a creatividade e a expresión escrita.
\ Usar os relatos como un xeito de expresión persoal.

Materiais

Folios, bolígrafos e ficha 1

Duración

60 minutos

Desenvolvemento

1. O alumnado ten que escoller un debuxo dunha persoa coa que se sinta identificado da exposición ou que lle chame a atención.

2. En función das pautas da ficha 1 ten que desenvolver un pequeno relato ao redor dese debuxo.

3. Finalmente, faise unha posta en común dos relatos que se realizaron na aula coas diferentes personaxes que aparecen na exposición.

4. Reflexión en gran grupo sobre como afectou que se elixira unha muller ou un home para o desenvolvemento das personaxes.

5. Como actividade final complementaria pode realizarse un gran relato en común, feito cos relatos individuais realizados polos alumnos e as alumnas.

Orientacións para o profesorado

Nesta dinámica emprégase a creatividade como un recurso educativo que nos serve para romper estereotipos. Imaxinar situacións inventadas permite ás persoas situarse nun plano de fantasía onde é máis frecuente que saian os estereotipos que nos censuramos racionalmente, ou todo o contrario, permite idear situacións que nunca teriamos en conta na vida real.

dinámica 4: videoforum *Quero ser como Beckham*

Descrición

A visualización do filme proposto permite tratar, posteriormente, temas como os mandatos de xénero na escolla profesional e na dedicación a afeccións, ou outros como a interculturalidade, a sexualidade ou as relacións interxeracionais

Obxectivos

\ Reflexionar sobre a construción social dos xéneros e a súa influencia na escolla de profesións e afeccións.
\ Identificar estereotipos e prexuízos relacionados co xénero, co racismo e coa homosexualidade.
\ Analizar diversas concepcións do corpo e da sexualidade, as súas diferenzas e semellanzas entre culturas.
\ Incidir no respecto intercultural e na idea de non xulgar o mundo desde unha visión unicamente occidental.

Duración

3 horas e media (108 minutos de filme, unha hora e media de traballo didáctico)

Material

Filme, un reprodutor, ficha 1 para o alumnado, ficha técnica do filme para o alumnado

Desenvolvemento

1. Introducir o filme e pedir que cada quen anote unha frase que lle chame moito a atención. Reparto da ficha 1 sobre o filme.

2. Visualización do filme: Quiero ser como Beckham.

3. Individualmente cobren a ficha 1 para o alumnado.

4. En grupos pequenos (5 ou 6 persoas) expoñen o resultado da ficha individual e tratan de responder en común.

5. Posta en común das conclusións e dos debates realizados.

6. Cada quen individualmente busca unha profesión ou afección que pense que sería motivo de conflito na súa casa ou no seu contorno.

7. Pódese facer unha dramatización dalgún dos casos con dúas ou tres persoas que se presten a representar unha situación (por exemplo: unha nai, un pai e un fillo ou filla).

Observacións para o profesorado

Esta dinámica permítenos traballar cos conflitos que xorden cando unha muller non cumpre co que socialmente se espera dela como muller.

A protagonista, Jesminder, ten unha serie de motivacións vitais que non encaixan co que a súa familia espera dela. A súa ilusión é a de xogar ao fútbol e na súa casa isto non entra dentro do guión de vida que teñen para ela: estudar dereito (prestixio social que non acadou o pai) e casar con un mozo hindú. Para iso ten que preocuparse polo seu aspecto e ser máis "feminina". Na familia da súa amiga Jules tamén existe unha condena explícita de cara á súa afección polo fútbol e do seu aspecto exterior, a nai fai verdadeiros esforzos por encamiñala cara ao mundo da feminidade tradicional. É por isto que a película resulta moito máis enriquecedora pois está a comparar

a mesma situación en dous ambientes culturais diferentes: unha familia extensa hindú que vive en Londres e unha familia reducida británica. As características asignadas socialmente as mulleres transcenden a todas as sociedades patriarcais. É importante salientar como desde os medios de comunicación se incide moito en atribuír comportamentos especialmente sexistas a persoas pertencentes a outras culturas ou etnias e minimizar os que suceden na cultura occidental, converténdonos en xuíces universais de todo o que acontece no mundo.

Na película aparecen fielmente representados os mundos femininos (mozas que se preparan para gustar aos mozos, mulleres coidadoras e valedoras do cumprimento dos costumes) e o mundo masculino (comentarios dos mozos sobre as mozas, pelexas, etc.).

Ningunha das dúas protagonistas ten como prioridade ter unha relación amorosa, isto, sumado a que practican un deporte tradicionalmente masculino, provoca que a súa sexualidade sexa cuestionada. É salientable o proceso da nai de Jules para enfrontar este tema, imaxinando e construíndo a súa historia sen falar directamente coa súa filla para aclarar as cousas.

Vemos unha evolución na relación que Jesminder ten co seu propio corpo ao longo da película. Nun principio non quere ensinar as pernas por mor dunha queimadura e despois vaino aceptando e sentíndose mellor. Con isto, podemos facer a reflexión de que as concepcións que temos con respecto ao propio corpo están altamente influenciadas pola mirada externa e son froito dun tempo, polo que pode cambiar; no noso proceso de madurez podemos mellorar esta relación para sentirnos a gusto con nós mesmas e nós mesmos.

Na mesma liña que esta película, pero á inversa, estaría o filme Billy Elliot (2000) de Stephen Daldry onde un neno quere ser bailarín e o seu contorno non llo permite.

dinámica 5:
novas opcións laborais

Descrición

Nesta dinámica é importante que o alumnado reflexione sobre os condicionantes de xénero que se teñen á hora de elixir unha profesión, tendo en conta o visto na exposición e diversificando as súas opcións laborais.

Obxectivos

\ Conseguir no alumando unha maior diversificación profesional.
\ Reflexionar sobre as expectativas socias ou condicionantes de xénero á hora de elixir unha profesión.
\ Analizar a división sexual do traballo.
\ Observar as causas da existencia de profesións feminizadas e masculinizadas.
\ Concienciar sobre as desigualdades no ámbito laboral.

Materiais

Papel, bolígrafo, encerado e ficha 1

Duración

60 minutos

Desenvolvemento

1. O alumnado ten que elaborar unha lista de profesións nas que non existan ningún condicionante de xénero.

2. Posteriormente elabórase un listado en conxunto no encerado.

3. Analízanse esas profesións e os porqués de estar libres de condicionantes de xénero segundo as orientacións da ficha 1 dirixida ao profesorado.

4. Finalmente, o alumnado créase a súa propia profesión onde se dea unha situación igualitaria entre homes e mulleres.

Orientacións para o profesorado

Nesta dinámica o profesorado ten que estar atento a que o listado de profesións, que realiza o alumnado, non teña realmente ningún condicionante de xénero.

En principio todas as profesións, dun xeito ou doutro, están condicionadas polo xénero, polo que se trata de que de cada profesión que elixa o alumnado se tente afondar e analizar, buscando as posibles situacións de desigualdade que podemos atopar.

Tamén é importante que se pense sobre aquelas profesións máis igualitarias para que se observe a excepcionalidade delas.

E por último, que o alumnado desenvolva pautas cara á igualdade laboral que lle sirvan como adestramento para cando se incorpore ao mercado de traballo.

dinámica 6: que digo cando digo...

Descrición

Nesta dinámica reflexiónase sobre a linguaxe e as connotacións que se establecen cando nos referimos a unhas persoas ou a outras. Concretamente, sobre as formas en que o alumnado se chama entre si e como moitas delas son despectivas e translocen estereotipos de xénero.

Obxectivos

Reflexionar sobre o usos despectivos dos alcumes.

\ Analizar os usos discriminatorios da linguaxe.

\ Empregar unha linguaxe máis diversa e menos ofensiva.

\ Relacionarse dunha forma igualitaria e respectuosa.

Materiais

Folios, bolígrafo, ficha 1 e ficha 2

Duración

60 minutos

Desenvolvemento

1. Colócanse as cadeiras da aula formando un círculo.

2. Cada alumno e alumna pensa sobre os alcumes que reciben seis persoas do seu contorno de iguais. Tres rapazas e tres rapaces.

3. Analizan eses alcumes en función das preguntas que aparecen na ficha 1.

4. Contrastan as súas reflexións en grupos de catro persoas.

5. Reflexión final en grupo segundo as pautas marcadas na ficha 2.

Orientacións para o profesorado

Ben é sabido que unha das formas de trato despectivo ou excluínte entre os adolescentes son os alcumes. Estes alcumes tenden a salientar aspectos da persoa que a fai diferente do resto e que a fai saír da "norma" ou mesmo para situala no seu lugar. Así por exemplo, ás rapazas moitas veces se lles chama co seu nome en diminutivo que, enmascarado como algo cariñoso ou afectivo, o que fai, realmente, é tratalas sempre como nenas que precisan protección e réstalles autonomía. En definitiva, diminuíndoas. En moitas ocasións, esta forma de denominar ás mulleres séguese empregando ao longo da súa vida a pesar de ter idade adulta (as nenas, as chicas etc.). Pola contra, aos nenos chámaselles moitas veces polo apelido paterno o cal adoita ser símbolo de autoridade.

Tamén reciben alcumes, por parte dos rapaces, relacionados con algunha parte do seu aspecto físico, coa finalidade de violentalas ou dalgún xeito ridiculizalas. Como por exemplo: a cugordo, a tetona, a plana; ou relacionados coa súa suposta actividade sexual: ninfómana, fríxida; ou con aspectos que se escapan ao rol feminino: a marimacho (para mozas moi fortes ou deportistas); ou algún apelativo masculino para mozas con trazos que se consideran masculinos (mozas que teñen máis pelo na cara).

Os rapaces son moito máis coñecidos por algunha característica persoal relacionada con algunha destreza, habilidade ou afección. Con estes alcumes normalmente afiánzanse no seu grupo de iguais. É moi común que se lles alcume con algún nome de futbolista ou deportista famoso. Os nenos tamén adoitan sufrir alcumes despectivos cando se saen da norma, especialmente no rol de xénero masculino, se teñen trazos físicos que se relacionan co feminino ou fan as cousas que normalmente fan as nenas, como por exemplo, o afeminado ou o mariposa. Tamén cando fisicamente non encaixan no patrón, no que realmente encaixa pouca xente (altos, baixos, gordos etc.). Tamén se lles atribúen alcumes que reforzan o seu papel tradicional masculino de duros e fríos como malote ou chulo.

Esta dinámica tamén serve para reflexionar sobre os alcumes despectivos ou insultantes cos que se coñece a determinadas persoas da aula por non estar "totalmente" integradas dentro do grupo de iguais, ou por ter determinados gustos, afeccións, formas de expresarse ou relacionarse, etc. diferentes ás empregadas pola maioría das persoas da aula. É importante salientar o respecto pola diversidade e que todas as persoas teñen dereito a ser diferentes.

Por último, remarcar que moitas veces os alcumes teñen unha función de control social, xa que funcionan como os insultos; esta función non é outra que situar os límites e perpetuar a norma.

dinámica 7: a importancia dos traballos das mulleres

Descrición

Nesta dinámica preténdese traballar co alumnado a corresponsabilidade a través da realización dunha campaña de sensibilización. O alumnado terá que deseñar e executar unha campaña de sensibilización ao redor da corresponsabilidade segundo o que leu e observou na exposición.

Obxectivos

\ Valorar positivamente as tarefas realizadas no ámbito doméstico.

\ Inculcar a responsabilidade persoal dentro das actividades a desenvolver no ámbito doméstico.

\ Apostar pola corresponsabilidade como unha das formas de acadar unha igualdade real entre homes e mulleres.

\ Habilitar o alumnado para que se vexa capaz de levar a cabo cambios en relación a súa implicación práctica nas tarefas do fogar.

\ Fomentar a creatividade.

Materiais

Cartolinas, cámaras de fotos dixitais, cámaras de vídeo, ordenadores, pinturas, programa power-point, editor de vídeo, cintas mini-dv, ficha 1, ficha 2 e ficha 3.

Duración

Dúas ou tres sesións de 60 minutos aproximadamente.

Desenvolvemento

1. Fórmanse grupos de seis persoas, cada grupo nunha primeira sesión fará o deseño do que quere contar na súa campaña segundo as fichas número 2 e 3.

Neste punto cada grupo deberá desenvolver un

planigrama onde aparezan: os contidos, as persoas que formarán parte da campaña, forma de contacto, os materiais que precisan para executalo, que parte de traballo realizará cada membro do grupo e os posibles lugares onde pode exhibirse a súa campaña final, tendo en conta tanto o ámbito escolar como o ámbito da cidade ou vila onde vivan.

2. Na segunda sesión cada grupo seguirá a execución do seu propio planigrama.

3. Na terceira sesión traballarán ao redor do material que conseguiron e rematarán a campaña.

4. Finalmente, pódese dedicar un día máis na aula para que cada grupo difunda a súa campaña ou para que cada grupo a autoxestione máis alá do horario lectivo.

Orientacións para o profesorado

Esta dinámica formúlase con moitas variantes para que o profesorado poida adaptala con facilidade ás súas dispoñibilidades tanto de materiais como de tempos.

Para a realización desta actividade podería ser interesante que o alumnado contactara con algunha persoa coñecida da comunidade en que se encontra.

Esta actividade pode realizarse en colaboración coas materias de debuxo ou informática do centro.

Como exemplo, o alumnado ou o profesorado pode consultar a campaña de corresponsabilidade levada a cabo polo Servizo Galego de Igualdade:

Podemos. Queremos. Corresponsabilidade: responsabilidades compartidas
http://sgi.xunta.es/document/cartcorrespon.pdf

dinámica 8:
xogo de rol corresponsable

Descrición

Neste xogo de rol as persoas participantes asumirán unha personaxe preestablecida que dramatizarán sobre a corresponsabilidade.

Obxectivos

\ Axudar a examinar problemas reais a nivel teórico e emocional.
\ Analizar situacións relacionadas coa corresponsabilidade desde a propia vivencia.
\ Empatizar coas persoas que presentan puntos de vista diferentes aos nosos.
\ Desenvolver ferramentas para enfrontarse a situacións da experiencia cotiá.
\ Estimular actitudes diferentes de cara á corresponsabilidade no fogar.

Duración

60 minutos

Materiais

Bolígrafo, papel, ficha 1 e ficha 2

Desenvolvemento

1. Repártense os roles (ficha 1) entre as persoas participantes, a cada quen se lle dá o rol que ten que defender, explicándolles dun xeito detallado cal é a personaxe que teñen que asumir. Ás rapazas repartiránselles os roles dos homes e aos rapaces o das mulleres. Cada quen se pon un nome.

2. Primeira parte: cada familia realizará a súa propia dramatización do caso a partir do conflito que se lles formula. Por cada familia haberá dúas persoas observadoras.

3. Finalizarase esta primeira parte cando se chegue a un acordo dentro de cada familia ou xurdan suficientes elementos de interese.

4. Segunda parte: as familias reuniranse nun encontro familiar e, en función do falado e acordado na primeira parte do xogo, debaterase en torno ao que se fixo explícito na ficha 2. As observadoras seguen a recoller informacións sen participar activamente.

5. Análise conxunta do acontecido durante o xogo:
a. Preguntar a cada persoa como se sentiu coa personaxe.
b. Darlle a quenda ás persoas observadoras para que relaten o que foron apuntando.

6. Extraer conclusións finais da dinámica.

11

avaliacións

A avaliación, dentro desta unidade didáctica, enténdese como un momento para a reflexión e a súa análise, onde están implicadas todas as persoas que participaron no seu desenvolvemento.

Así, dentro deste apartado, hai avaliacións dirixidas para o alumnado e para o profesorado.

Dentro das avaliacións dirixidas ao alumnado achégase unha avaliación oral e outra escrita.

Nas avaliacións dirixidas ao profesorado, unha é unha enquisa que se recomenda facer previamente á unidade didáctica, para reflexionar ao redor da predisposición no centro con respecto á igualdade de xénero e a outra é para que o profesorado avalíe a propia unidade didáctica.

AVALIACIÓNS PARA O ALUMNADO

Avaliación oral

A avaliación oral é importante realizala nada máis rematar as actividades para que o alumnado exprese como se sentiu durante o obradoiro, as primeiras reflexións e sensacións ao redor do obradoiro e da súa participación. Recoméndase facer unha rolda onde todas as persoas teñan unha quenda de palabra que poden utilizar ou non, pero que cada quen sinta que ten un espazo onde poder expresarse sen ter que disputarllo a ninguén. Esta fase é útil para solventar posibles dúbidas que ficaron sen resposta, para explicar o porqué das cousas que non quedaron claras e para valorar o clima xeral. Tamén é importante explicitar a diversidade de opinións fronte ás actividades e recoller as contribucións que faga o alumnado.

Avaliación escrita

\ Que actividade che gustou máis? Por que?
\ Que actividade che gustou menos? Por que?
\ Que utilidade lle ves ao aprendido no obradoiro?
\ Foi útil o obradoiro? Por que?
\ Que cousas novas engadirías?
\ Que lle sacarías?
\ Das cousas novas que aprendiches, cal chamou máis a túa atención?
\ Parécenche importantes estes temas para o teu desenvolvemento persoal?
\ Que opinas da túa participación nas actividades?
\ E da dos teus compañeiros e compañeiras?
\ Que che pareceu o tempo de duración das actividades?
\ Que máis che gustaría engadir.

AVALIACIÓNS PARA O PROFESORADO

Avaliación 1

\ Como se enfoca a orientación laboral no centro? Pensas que se ten en conta a perspectiva de xénero cando se aborda este tema?
\ Pensas que existen unhas expectativas diferenciadas nos docentes en canto aos rendementos das alumnas e os alumnos?
\ Revísanse os materiais didácticos que se empregan para evitar estereotipos de xénero, culturais etc.?
\ Foméntase no centro, dalgún xeito, a igualdade de dereitos e deberes nas alumnas e alumnos?
\ Realízase unha selección dos contidos curriculares de xeito que se visibilice as mulleres e se exclúan contidos sexistas?
\ Propostas para o cambio no centro:

Avaliación 2

Con esta avaliación preténdese a reflexión sobre a práctica de cara a mellorar os contidos e a metodoloxía desta unidade didáctica.

Valoración da unidade didáctica.
\ Están claros os obxectivos e contidos? Son os axeitados, no sentido de nin extensos nin escasos?
\ Existe unha adecuación das actividades a eles?
\ É suficiente o marco teórico que se achega?
\ Está ben estruturado?
\ Comenta os puntos máis interesantes da unidade didáctica á hora de aplicalos na aula e os máis febles. Propostas.
\ A bibliografía achegada é accesible e útil?
\ Os materias de traballo na aula son cómodos e adaptables?
\ Están correctamente temporalizadas as actividades?

\ Obsérvanse cambios actitudinais no alumnado logo da realización da unidade?

\ As avaliacións son axeitadas para extraer información significativa da realización da propia unidade didáctica?

\ Observacións e contribucións.

12

glosario

ACCIÓN POSITIVA

Medida social ou política dirixida á mellora da participación das mulleres e da súa calidade de vida, proporcionándolles a oportunidade de equiparar a súa situación histórica de maior desvantaxe social.

ANDROCENTRISMO

Lóxica pola que se lle concede primacía ao punto de vista do home a nivel de discurso científico, saberes, coñecementos e xestión destes e que se utiliza como modelo.

CIDADANÍA[7]

Para a teoría política feminista é un concepto importante debido ao esforzo realizado para acadar a incorporación das mulleres á categoría de cidadanía; esta implica que cada persoa transcenda as súas particularidades e diferenzas, é dicir, as súas experiencias, perspectivas e intereses particulares, o que implica asumir un punto de vista universal como propio, ademais se lle atribúen dereitos inherentes e indiscutibles polo feito de ser cidadá.

CURRÍCULO OCULTO

Pautas, normas e valores que non están explicitados de forma patente mais que forman parte dos hábitos de docencia, tanto en termos de atención ao alumnado, como en observacións, valoracións etc. que o profesorado realiza.

CHANS PEGAÑENTOS

Refírese a concentración das mulleres nas escalas máis baixas do mercado laboral desde as que é moi difícil seguir mellorando e obtendo postos de mellores condicións.

[7] Adaptación da definición de Ortega, Margarita et al. *Género y ciudadanía: revisiones desde al ámbito privado.* Madrid: Instituto de la Mujer, 1999. 508 p.

DEREITOS SEXUAIS

Fan referencia ao dereito de exercer unha sexualidade pracenteira, como tamén o dereito á liberdade e á autonomía na expresión da sexualidade.

DIVISON SEXUAL DO TRABALLO

Asignación de traballos e roles a partir das diferenzas sexuais.

EMPODERAMENTO

A nivel individual refírese ao proceso de toma de control das mulleres sobre as decisións e os asuntos que afectan a súa vida.
A nivel grupal vai referido á necesidade de que as mulleres como colectivo contribúan e decidan, en plenitude de condicións, sobre a construción da sociedade.

ESTEREOTIPO[8]

Construcións mentais que reproducen unha concepción esquemática simplificadora do mundo.

EQUIDADE

Proceso de actuar de forma xusta dentro do contexto da necesidade e non da igualdade. A equidade representa un imperativo de carácter ético, asociado con principios de xustiza social e dereitos das persoas.

ENFOQUE OU PERSPECTIVA DE XÉNERO

Sistema polo que se analizan os roles distintos das mulleres e os homes, as relacións desiguais de poder entre eles e elas e as consecuencias destas desigualdades sobre as súas vidas, a súa saúde e o seu benestar.

FEMINISMO[9]

Conxunto de teorías e prácticas políticas e sociais que defenden o recoñecemento dos dereitos das mulleres e loitan pola igualdade entre mulleres e homes. Tamén reivindican a historia das mulleres e os seus logros. Historicamente, o termo difúndese por primeira vez en 1892 cando se realiza o primeiro Congreso Internacional de Mulleres, celebrado polo Movemento de Mulleres Sufraxistas francesas en París.

HETEROSEXUAL

Persoas atraídas, amorosa ou sexualmente, polas persoas do sexo oposto.

HOMOSEXUAL

Terminoloxía formal para as persoas, sexual ou amorosamente, atraídas por persoas do seu mesmo sexo. Usualmente, emprégase para referirse aos varóns aínda que a palabra pode facer referencia tanto a mulleres como a varóns, pois homo significa igual e non home. Para referirse exclusivamente aos homes pódese empregar gai.

[8] (Guía de prevencion de violencia de género. Federación de mujeres jóvenes., 2006
[9] (Inter. Press Service. Perspectiva de género. Glosario de términos. Roma: IPS, 1997. 100 p.)

IGUALDADE DE XÉNERO

Refírese á ausencia de discriminación, con respecto ao sexo, sobre as oportunidades e o acceso aos recursos dos que as persoas gozan.

LESBIANA

Muller atraída, sexual ou amorosamente, por persoas do seu mesmo sexo. Historicamente, o termo fai referencia a unha comunidade de mulleres que vivían na illa grega de Lesbos no século VII a.C.

MACHISMO[10]

Conxunto de normas, actitudes e trazos socioculturais que teñen como fin último perpetuar o dominio e o control do poder dos varóns e a submisión das mulleres.

MISOXINIA

Actitude de odio ás mulleres polo feito de selo.

PARTICIPACIÓN

A participación concíbese como o exercicio do dereito cidadá a incidir sobre os procesos que afectan ao propio benestar.

PATRIARCADO[11]

Forma de organización social en que o varón exerce a autoridade en todos os ámbitos, asegurándose a transmisión de poder e a herdanza pola liña masculina.

SAÚDE

Segundo a Organización Mundial da Saúde é o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só a ausencia de afeccións ou enfermidades.

SEGREGACIÓN HORIZONTAL

Concentración das mulleres en determinadas ramas laborais: sector servizos, administración, limpeza, estética e educación.

SEGREGACIÓN VERTICAL

Fai referencia á ausencia das mulleres nos postos de maior responsabilidade ou poder dentro do ámbito laboral.

SEXISMO

Suposición ou crenza de que o sexo feminino é inferior ao sexo masculino.
Tamén fai referencia aos mecanismos polos que se mantén a situación de inferioridade e subordinación do sexo feminino con respecto ao masculino.

[10] (Inter. Press Service. Perspectiva de género. Glosario de términos. Roma: IPS, 1997. 100 p.)
[11] http://face.uncoma.edu.ar/cepint/seminario/glosario.html (6)

SEXO

Diferenzas biolóxicas entre mulleres e homes.

SEXUALIDADE

Construción bio-psico-social porque inclúe os aspectos físicos, emocionais, intelectuais e sociais do ser sexuado. Tamén pode referirse ao conxunto de prácticas sexuais.

TEITO DE CRISTAL

Dificultades que proveñen das desigualdades no contorno laboral que impiden avanzar ás mulleres na súa carreira profesional.

XÉNERO

Conxunto de atribucións e características socioculturais que se lles fan aos homes e ás mulleres. Varían dunha cultura a outra. E como as culturas se modifican no tempo estas atribucións tamén se modifican.

Encontrámonos tamén coas normas e os roles de xénero:

Normas de xénero: son as crenzas sobre as que se constitúen os comportamentos axeitados para as mulleres e os homes.

Roles de xénero: son as actividades que as expectativas sociais asignan ás mulleres e aos homes.

13

bibliografía

Coria Clara, *El sexo oculto del dinero* . Paidos.Barcelona 2001.

Fernández Galván, M. y Fernández Sierra, J. (1999), *Adaptación y Diversificación Curricular. Retos, Posibilidades y Contradicciones.*

Lagarde Marcela, *Claves feministas para la autoestima de las mujeres mujeres*. Colección cuadernos inacabados. Ed. horas y horas. Madrid 2000

Librería de Mujeres de Milán, *No creas tener derechos*. Ed. Horas y Horas, Madrid, 1991.

Lomas, C. (COMP.)(1999), ¿Iguales o diferentes? *Género. Diferencia sexual. Lenguaje y educación.* Barcelona. Paidós.

Murillo, Soledad, *El mito de la vida privada.* Siglo XXI. Madrid 2003.

Puissi, A. M. y BIANCHI, L. (Edt.) (1996) Saber que se Sabe. Mujeres en la Educación. Barcelona:Icaria.

SUBIRATS, Marina y Brullet, Cristina, *Rosa y Azul. La transmisión de los géneros en la escuela mixta*. Ministerio de Cultura. Instituto de la Mujer. Madrid 1988.

Buril, Mabel, *Género y psicoanalisis*. Ed. Planeta Buenos Aires, 1997

bibliografía na rede

A páxina web do proxecto é a seguinte: www.contaconelas.org

Outras páxinas interesantes na rede:

www.educacionenvalores.org
www.educarenigualdad.org
www.mujeresenred.net
www.singenerodedudas.com
www.ciudademujeres.com
www.e-leusis.net
www.lasmoiras.org
www.genero.bvsalud.org

O Proxecto Conta con elas conta coa colaboración de Lilith. Acción Social e Educativa, SL para a redacción desta publicación. Para calquera dúbida, suxestión ou valoración, poden dirixirse ao seguinte enderezo: lilithempresa@gmail.com

+as conta CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

CC.OO. CEP DIPUTACIÓN DE PONTEVEDRA CIG Confederación Intersindical Galega fundación caixanova UGT UNIVERSIDADE DE VIGO

eQual Fondo Social Europeo

unidade didáctica "Imaxina e Comparte máis"
UNHA APOSTA POLA IGUALDADE

unidade didáctica

"Imaxina e Comparte máis"

UNHA APOSTA POLA IGUALDADE

Fondo Social Europeo
eQual

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

+as conta CONeLas
A.D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

didáctica
mparte má
OLA IGUALDADE
unidade didá
na e Comp
A APOSTA POLA I

dinámica 1: corresponsabilízate!

ficha1

\ Compara as tarefas que realizan os homes e as mulleres na casa. Son as mesmas?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que tipo de tarefas fai cada quen?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que motivos son os que provocan que na casa os homes e as mulleres realicen actividades diferentes?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

continúa

\ Paréceche xusto esta repartición de tarefas para as persoas da túa casa?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Tenta analizar ou expoñer os motivos que te levan a realizar as tarefas domésticas que enumerabas no punto segundo.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Pensa que podes facer para modificar as cousas no fogar de xeito que sexan máis igualitarias.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que cousas sacariades en positivo todas as persoas da casa?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

dinámica 1: corresponsabilízate!

dinámica 2: re-okupando os espazos de xénero

ficha1

\ As mulleres e os homes ocupan sempre os mesmos espazos no instituto?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ En que espazos existen diferenzas?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Con que aspectos se relacionan eses espazos?

.....

.....

.....

.....

.....

continúa

\ Os espazos que comparten están ocupados do mesmo xeito?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que zonas teñen limitado o acceso? Para que persoas?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que barreiras arquitectónicas encontras no centro?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Como cres que afectan esas barreiras para o alumnado que ten algunha discapacidade ou algunha dificultade de mobilidade?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

dinámica 2: re-okupando os espazos de xénero

dinámica 3: identificacións

ficha1

Da exposición elixe un debuxo co que máis te identifiques e realiza un pequeno relato sobre a súa vida tendo en conta os seguintes puntos:

\ Que historia cres que hai detrás dese debuxo tendo en conta o lugar que ocupa na exposición?

\ Como é o seu día a día?

\ Que nome lle poñerías? Que traballos tería? Que estudos?

\ Que características psicolóxicas cres que ten esa persoa, como cres que é afectivamente? Que actividades realiza normalmente?

\ Que foi o que te levou a identificarte con este debuxo?

\ Se fora do sexo contrario tamén lle inventarías esa vida?

historia de .....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

continúa

dinámica 3: identificacións

dinámica 4: Videoforum *Quero ser como Beckham*

ficha1

\ Que é o que máis che gustou do filme? E o que menos?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que personaxe che gustou máis? Por que? Que personaxe che gustou menos? Porque?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Como vai cambiando a relación de Jesminder co seu propio corpo ao longo da historia?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Cales son as diferenzas entre Jesminder e a súa irmá?

.....

.....

.....

.....

.....

\ En que situacións se fala explicitamente de que as nenas non poden facer algo? Que é o que lles din as familias que teñen que facer, cal é o seu futuro ideal segundo as familias?

.....

.....

.....

.....

continúa

\ Por que pensas que as nenas non adoitan xogar ao fútbol?

a. Porque é un deporte de nenos.

b. Porque non hai mulleres futbolistas famosas.

c. Porque os nenos teñen mellores condicións físicas para xogar.

d. .....

\ Por que pensas que se considera que o adestrador é un fracasado?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Por que se ocupa a maior parte do patio dos centros escolares para xogar ao fútbol?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Quen ten máis dificultades para dedicarse ao fútbol no filme: Jesminder ou Jules? Por que? Que diferenzas hai entre ambas? Que semellanzas?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que conflitos se xeran entre as personaxes ao redor do tema da homosexualidade?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Cal é a frase que elixiches? Por que?

.....

.....

.....

.....

.....

dinámica 4: Videoforum *Quero ser como Beckham*

ficha técnica do filme

Dirección: Gurinder Chadha
Guión: Gurinder Chadha, Guljit Bindra, Paul Mayeda Berges
Produción: Gurinder Chadha & Deepak Nayar
Duración: 108 min.
País: Gran Bretaña
Ano de produción: 2002
Reparto: Anupam Kher, Archie Panjabi, Frank Harper, Jonathan Rhys-Meyers, Juliet Stevenson, Keira Knightley, Parminder K. Nagra, Shaznay Lewis
Sinopse: Jesminder é unha moza de 18 anos que vive coa súa familia hindú en Londres. Os seus pais queren que sexa educada para ser a perfecta esposa india, pero ela non ten tempo para pensar nestas cousas porque o que lle gusta é xogar ao fútbol. Un día, mentres está a xogar no parque, Jules fíxase nela e invítaa a unirse ao equipo feminino local, adestrado por Joe. A Jesminder xórdenlle, da noite para a mañá, unha serie de oportunidades e problemas que cambalearán o seu pequeno mundo. Ten ante os seus ollos a oportunidade de levar ao seu equipo ás finais e gozar co que realmente lle gusta e se lle dá ben, pero entrará en conflito coa súa familia e coa súa comunidade e utilizará varias estratexias para poder facer realidade os seus desexos.
A directora: Gurinder Ghadha comezou como reporteira na BBC é autora dos longos Bhaji on the beach (1993) e What's cooking? (2000)
O título orixinal, Bend it like Beckham, fai referencia a unha típica xogada do famoso futbolista do Manchester United.
O guión está escrito pola propia directora en colaboración co seu marido, Guljit Bindra, e Paul Mayeda Berges, que xa colaborou con ela en What's cooking?
O filme: está ambientado en Southall e West London, os barrios onde se criou a directora. Para rodar as escenas de fútbol usouse unha cámara especial (Wego) para darlle realismo e dinamismo. Para as escenas da voda participaron parentes da directora para que resultara máis convincente.

Fonte: Materiais Cineforum. Acción 3 Proxecto Conta con elas

dinámica 5:
novas opcións laborais

ficha1 para o profesorado

Tenta pensar en traballos onde non exista un condicionante de xénero.

En que te baseaches para concluír que os oficios que elixiches non están condicionados polo xénero e que os desenvolven as mulleres e os homes de maneira indiferente?

Coñeces algunha persoa que os realice?

Pensa nalgunha profesión feminizada ou masculinizada e crea pautas para que a situación cambie cara a unha igualdade dentro dela.

Inventa unha profesión onde non se dean os condicionantes de xénero. Xustifica a túa elección.

dinámica 6:
que digo cando digo...

ficha1

Compara as principais diferenzas que existen entre os alcumes das rapazas e dos rapaces:

\ A quen fan referencia os alcumes das rapazas?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ E os dos rapaces?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Fan referencia aos mesmos aspectos?

.....

.....

.....

.....

.....

continúa

\ Que alcumes son máis despectivos os das rapazas ou os dos rapaces? Os máis positivos?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Quen cres que lle asignou ditos alcumes a cada unha desas persoas? Por que?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ A esas persoas gústalles ser coñecidas polo seu alcume?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

\ Se a resposta é negativa, por que cres que se continúa a empregar?

.....

.....

.....

.....

.....

.....

dinámica 6:
que digo cando digo...

dinámica 6:
que digo cando digo...

ficha2 para o profesorado

Preguntas para a reflexión conxunta:
Cantas rapazas da túa aula son coñecidas polo seu nome en diminutivo e cantos rapaces?
Cantos rapaces son coñecidos polos seus apelidos, e rapazas?
A que cres que é debido?
En xeral os alcumes dos rapaces a que fan referencia, e os das rapazas? Fan referencia as mesmas cousas?
Quen cres que emprega máis alcumes para nomear as persoas na túa aula as rapazas ou os rapaces?
Como adoitan chamarse as rapazas da túa aula entre elas? E os rapaces?

Analizar en grupo grande os usos que se lle dan as palabras nena e neno. Observar se se empregan na aula, con que usos e en que contextos. Analizar se se usan máis por parte dos homes ou das mulleres. Cal das dúas se emprega máis e por que?

Finalmente, se na aula se dá un clima de confianza e respecto, se lle pode propoñer ao alumnado que lle pregunte a algún compañeiro ou compañeira como se sente e que sensacións lle producen cada vez que recibe un alcume que non lle gusta.

Pódese tamén compartir estas reflexións co resto das persoas da aula.

dinámica 7:
a importancia dos traballos das mulleres

ficha1 para o profesorado

Propostas para diferentes formatos:

Traballar con fotografías, que realice o alumnado, que reflictan a corresponsabilidade e, posteriormente, que fagan un power-point.

Realizar un pequeno vídeo, de non máis de dous minutos, onde fagan entrevistas e onde recollan imaxes que reflictan a corresponsabilidade. Podendo editalo nas aulas de informática.

Deseñar carteis referidos ao tema que se poidan colar e repartir polo centro animando o alumnado a que comparta e responsabilidade na súa casa.

Posibilidade de realizar unha sondaxe que comprenda todo o centro de ensino para recoller datos representativos.

dinámica 7: a importancia dos traballos das mulleres

ficha2

parte técnica

persoas que participan	funcións que teñen que realizar	material necesario

continúa

parte teórica

contidos da campaña	sinopse do guión da campaña	desenvolvemento do guión da campaña

dinámica 7:
a importancia dos traballos das mulleres

dinámica 7:
a importancia dos traballos das mulleres

ficha3

	nome da persoa
cousas para facer	
lugar onde as teño que realizar	
tempo que me vai levar	
materiais que preciso	

dinámica 8: xogo de rol corresponsable

ficha1

Familia Maceira (5 compoñentes)

Caso:

Toda a familia está sentada na mesa da cociña para comezar a comer cando a filla amosa o seu desacordo, diante de todos, con respecto a que o seu irmán poida chegar máis tarde ca ela polas noites e que non faga máis que a súa cama e non axude na casa.

Muller:

Casada, 48 anos e cun fillo e unha filla adolescentes, actualmente ama de casa pois tivo que deixar o seu traballo de administrativa cando tivo que coidar ao pai do seu marido. Pasa case todo o día na casa e encóntrase cansa de non ter tempo persoal para si mesma. Vive en función das necesidades das demais persoas da súa casa.

Home:

Casado, con dous fillos adolescentes e 52 anos, traballa todo o día nun taller de coches. Cando chega a casa non realiza ningunha tarefa do fogar e dedícase a ver a televisión ou baixar ao bar. Non fai nada no fogar porque pensa que o ten que realizar a súa muller.

Muller:

Ten 16 anos e ten un irmán xemelgo. Vai ao instituto e axuda a súa nai nas tarefas da casa. O seu irmán xemelgo tan só fai a súa cama e déixanlle saír ata máis tarde polas noites.

Home:

Viúvo, 76 anos, con mobilidade reducida. Para as necesidades básicas de cada día (comer, lavarse, vestirse, pasear etc.) precisa de axuda. Decátase da súa falta de autonomía persoal e de que a súa nora é quen o axuda.

Home:

16 anos e cunha irmá xemelga. Tan só fai a súa cama dentro das tarefas do fogar e pensa que iso xa é suficiente porque a súa nai non ten outra cousa que facer que estar na casa todo o día.

dinámica 8: xogo de rol corresponsable

ficha1

Familia Neira (2 compoñentes e unha nena que non ten rol)

Caso:

Pola noite, cando a muller e o home están sentados no sofá descansando, a muller dille a súa parella que, nestes últimos meses, se sente culpable porque cre que ten unha actitude egoísta ao pasar tan pouco tempo con el e coa súa filla.

Muller:

Vive coa súa parella, ten 39 anos, é directora dunha empresa de informática e ten unha filla de 2 anos. Traballa durante todo o día e, moi a miúdo, chega a casa cando a súa filla está durmindo. Algúns fins de semana tamén ten que traballar.

Esta muller está moi contenta co seu traballo, pero tamén contará que, ás veces, non se sente ben porque lle dedica pouco tempo a estar coa súa parella e a súa filla.

Home:

Vive coa súa parella, ten unha filla, é educador infantil e ten 37 anos. A súa muller ten un traballo fóra do fogar que lle require moito tempo, polo que este home levará e recollerá a súa filla todos os días na escola infantil, daralle a cea e tamén a deitará. Realizará tarefas na casa coa axuda dunha persoa empregada. Está contento de pasar tempo coa súa filla e do traballo que ten a súa muller. Tamén recoñece que sen unha empregada do fogar encontraríase con moitas responsabilidades.

dinámica 8: xogo de rol corresponsable

ficha1

Familia Andrade (2 compoñentes e un neto que non ten rol)

Caso:

Como todas as mañás, a filla déixalle o neto á súa nai, cando esta lle comenta que mañá non vai poder coidar o neno porque se apuntou a un curso de informática, ao que ten que asistir unha vez á semana, a filla enfádase porque xa tiña plans para ese día.

Muller:

69 anos. Todos os días da semana desde as 8 da mañá ata as seis da tarde coida o seu neto de 10 meses. Gústalle coidar o seu neto, mais gustaríalle tamén ter tempo para ela polas mañás para realizar actividades como ir a piscina ou algún curso. Ademais, tamén lle gustaría durmir máis tempo polas mañás pero séntese mal se non axuda a súa filla a coidar do seu neto.

Muller:

Ten 38 anos e un fillo de 10 meses. Traballa todo o día como administrativa. Polo seu traballo de administrativa gaña mensualmente o soldo mínimo interprofesional, polo que non pode pagar a ningunha persoa para que coide do seu fillo, nin unha escola infantil privada. Este ano o seu fillo non foi admitido nunha escola infantil pública por falta de prazas.

dinámica 8: xogo de rol corresponsable

ficha1

Familia Couselo (1 compoñente)

Home:

Solteiro, 44 anos, avogado. Come case todos os días fóra de casa e ten unha persoa contratada que lle fai todas as tarefas do fogar. Argumenta que ao traballar non ten tempo para realizar as cousas de casa.

dinámica 8: xogo de rol corresponsable

ficha1

Familia Tambre (2 compoñentes)

Caso:

Cando o home chega de traballar decátase de que a cea non está feita, nin os pratos da comida recollidos e a cama continúa desfeita. A súa muller declarouse, desde esa tarde, en folga no fogar.

Muller:

Casada, 55 anos sen fillos nin fillas, traballa como dependenta nunha tenda de roupa. Ademais de traballar fóra da casa é a responsable de todas as tarefas da casa. Está sempre cansada e sen tempo para ela. Normalmente non dorme máis de seis horas e está tentando que o seu marido asuma a súa parte de tarefas.

Home:

Casado, 50 anos, sen fillos nin fillas, traballa como obreiro da construción. Non realiza as tarefas de casa porque di que chega cansado de traballar e porque non se lle dan ben. Ultimamente, sabe que a súa muller se encontra desgustada coa súa actitude na casa.

dinámica 8: xogo de rol corresponsable

ficha1

Observadoras: (dúas persoas observadoras por familia)

Durante todo o xogo, irán apuntando as diferentes posicións que teñen as personaxes con respecto á corresponsabilidade e as negociacións que levan a cabo. Tamén anotarán como son os argumentos que se achegan ("porque é así", "porque sempre foi así" ou argumentos racionais) e como responden as diferentes personaxes a ditos argumentos. Fixaranse tamén nas posturas corporais e nas expresións que utilizan á hora de defender os seus argumentos.

dinámica 8: xogo de rol corresponsable

ficha2 para o profesorado

A familia Couselo realiza un encontro familiar na súa casa ao que asisten todas as familias.

Neste encontro cada familia comentará como se vive a corresponsabilidade na súa casa, que conflitos xera e como resolven eses conflitos.

As persoas observadoras seguen recollendo impresións.

avaliación escrita para o alumnado

\ Que actividade che gustou máis? Por que?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que actividade che gustou menos? Por que?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Que utilidade lle ves ao aprendido no obradoiro?

.....

.....

.....

.....

.....

\ Foi útil o obradoiro? Por que?

.....

.....

.....

.....

.....

continúa

\ Que cousas novas engadirías?

.....

.....

.....

.....

\ Que lle sacarías?

.....

.....

.....

.....

\ Das cousas novas que aprendiches, cal chamou máis a túa atención?

.....

.....

.....

.....

\ Parécenche importantes estes temas para o teu desenvolvemento persoal?

.....

.....

.....

.....

\ Que opinas da túa participación nas actividades?

.....

.....

.....

.....

\ E da dos teus compañeiros e compañeiras?

.....

.....

.....

.....

\ Que che pareceu o tempo de duración das actividades?

.....

.....

\ Que máis che gustaría engadir.

.....

.....